



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE A ORDENACIÓN DAS ENSIANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL E OS CURRÍCULOS DOS NIVEIS BÁSICO E INTERMEDIO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 26 de xuño de 2007, emite o seguinte ditame provisorio en relación co Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio.

1.- No último parágrafo do preámbulo propónse a inclusión do texto: “, **Consello Consultivo**”, inmediatamente a continuación de: “logo de informe do Consello Escolar de Galicia”. (Páxina 2, liña 21).

Como consecuencia do anterior, propónse a eliminación da expresión: “(... o Consello Consultivo)”. (Páxina 2, liña 16).

2.- O Consello Escolar recomenda que se implanten na ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial as linguas cooficiais do Estado español.

3.- No punto 2 do artigo 8 propónse un texto de adición ao final do parágrafo que diga: “**Dando moita importancia aos intercambios escolares, ás viaxes culturais e á correspondencia interescolar**”. (Páxina 7, liña 14).

4.- Para o punto 8 do artigo 17, propónse a substitución de “...para cada idioma na normativa vixente.” por : “... **na normativa vixente para cada nivel dos diferentes idiomas**”. (Páxina 12, liñas 4 e 5).

5.- No apartado f) do artigo 2, propónse a inclusión ao final do parágrafo do seguinte texto: “**e salas para a coordinación do profesorado**”. (Páxina 15, liña 17).

6.- Para o apartado h) do mesmo artigo, propónse a substitución do texto: “Un despacho de dirección”; polo seguinte: “**Despachos para a función directiva**”. (Páxina 15, liña 21).

7.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que evite as interferencias entre as escolas oficiais de idiomas e os institutos de educación secundaria que impartan o nivel básico destas ensinanzas. Así mesmo, recoméndalle que, naquelas localidades nas que xa hai unha escola oficial de idiomas, non se autorice que se impartan estas ensinanzas noutros institutos de educación secundaria. Tamén recomenda que se continúe coa creación de extensións das escolas oficiais de idiomas.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo